



IDENTIFICACIÓN E CONTROL DE PRAGAS E ENFERMIDADES DA VIDE CURSO PRÁCTICO

1 de agosto ao 5 de agosto de 2022

Estación Experimental de Viticultura e Enoloxía
de Ribadumia – Pontevedra.

Rúa Leiromeán, 18 – 36635
Ribadumia - Pontevedra

PROGRAMA

» Día 1/08/22 de 18 a 21h

- » Introducción á xestión integrada de pragas
- » Enfermidades do viñedo: mildio, oídio, botrite e black-rot. Ciclo biolóxico e síntomas

» Día 2/08/22 de 18 a 21h

- » Principais enfermidades da madeira. Síntomas
- » Principais pragas do viñedo. Ciclo biolóxico e síntomas

» Día 3/08/22 de 18 a 21h

- » Ferramentas de modelización de pragas e enfermidades
- » Métodos de control para o mildio, oídio, botrite e black-rot

» Día 4/08/22 de 18 a 21h

- » Medidas de control para enfermidades da madeira
- » Métodos de control para pragas do viñedo

» Día 5/08/22 de 17 a 21h

- » Práctica no campo de recoñecemento de síntomas e danos das diferentes pragas e enfermidades
- » Proba de avaliación

OBXECTIVOS

Conseguir un uso sustentable dos produtos fitosanitarios é o obxectivo fundamental do RD 1311/2012 (transposición da Directiva 2009/128/CE), do 14 de setembro, polo que se establece o marco de actuación para conseguir un uso sustentable dos produtos fitosanitarios, mediante a redución dos riscos e os efectos do uso dos produtos fitosanitarios na saúde humana e no ambiente. A estratexia xeral de control está baseada no fomento da xestión integrada de pragas para o uso sustentable dos fitosanitarios e a agricultura ecolóxica, nas que se busca a eficacia das medidas de control de menor impacto, a mellora da calidade da colleita, un nivel mínimo de residuos e maior seguridade dos traballadores, da poboación rural e dos consumidores.

A presión do ataque dos patóxenos fúnxicos é intensa nas zonas atlánticas polos períodos de humidade no ambiente ao longo do ciclo da vide, especialmente no que se refire ao mildio, ao oídio

e ás podreñas, o que obriga a adopción de estratexias integradas de prevención e protección que eviten danos e perdas económicas nas colleitas. A identificación dos organismos patóxenos que afectan o viñedo nos distintos estados fenolóxicos, os factores ecolimáticos que favorecen o desenvolvemento dos fungos, as medidas preventivas e culturais adoptadas, máis a aplicación dos fitosanitarios no momento oportuno, son a clave do programa de seguimento e control e da eficacia dos tratamentos fitosanitarios.

Neste curso, principalmente práctico, describíense as principais enfermidades e pragas que inciden no viñedo e que precisan de maiores medidas de control.

Coa planificación e impartición deste curso preténdense acadar os seguintes obxectivos:

- » Coñecer os aspectos básicos que regulan a xestión integrada de pragas (XIP) como fundamento do uso sustentable dos produtos fitosanitarios.
- » Identificar os síntomas das enfermidades e pragas máis importantes nos diferentes estados fenolóxicos do viñedo e os momentos máis sensibles deste.
- » Coñecer as ferramentas de modelización de pragas e enfermidades.
- » Aplicar os coñecementos da XIP para establecer e planificar os métodos de control das pragas e enfermidades.

Destinatarios

Agricultores, viticultores ou gandeiros activos con producións con orientación comercial, cotitulares ou colaboradores familiares das explotacións.

- » Titulares, asalariados ou con contratos a proba dunha explotación agraria, industria transformadora, asociación profesional (Exemplo: adegas, consello regulador). ou empresa de servizos agrarios.
- » Persoas en idade laboral con expectativas de incorporación ó sector primario ou á industria transformadora (Exemplo: adegas, consello regulador)
- » Investigadores relacionados coa actividade, traballadores de empresas relacionadas co sector ou público en xeral, sempre e cando haxa prazas dispoñibles.
- » Público interesado en xeral.

Número de prazas: 15

Data de inscrición: ata o 26 de xullo de 2022

SOLICITUDES

Os interesados deberán preinscribirse na actividade a través da páxina web da Consellería do Medio Rural no seguinte enlace:

<https://ovmediorural.xunta.gal/gl/consultas-publicas/acciones-formativas>

A súa inscrición será confirmada a través do enderezo electrónico.



Plan de transferencia para o apoio ás actividades de demostración e de información ao agro galego 2022

» ORGANIZA

Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal)
Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia (Evega)

» COLABORAN

